



## Noticia dun intelectual galego, cosmopolita e trotamundos: Fr. Lino Gómez Canedo OFM (1908-1990)

---

Ramón Cao Martínez

Quen visite a igrexa da antiga misión de San Francisco de Tila-co, unha das cinco fundadas na Sierra Gorda (Querétaro, México) por frei Junípero Serra, pode contemplar unha lápida que reza así: R.P. FR. / LINO / GÓMEZ CANEDO / (1908-1990) / FRANCIS-CANO PRÓCER / E / HISTORIADOR / EMINENTE / *In pace sit locus eius*. Talvez sorprendan en devandito lugar os elementos icónicos, de clara simboloxía compostelá, que acompañan á cita-da inscrición: unha cruz de Santiago preside todo o conxunto e senllas vieiras ocupan os catro ángulos da lápida. Pero, quen era este galego errante cuxos restos descansan tan lonxe da terra nai? O seu nome nada dirá á inmensa maioría, descontados algúns dos seus irmáns de hábito e os cultivadores da historia da América Hispana.

### 1.- Unha vida sedentaria e transhumante

Lino Gómez Canedo, nacido na aldea de Tenda, parroquia de Coiro, Laracha (A Coruña) o 24 de xuño de 1908, ingresou no Colexio Seráfico ou Seminario Menor de Herbón aos doce anos. Novizo en Pontearreas (1923), cursou filosofía no convento de Vista-hermosa (Ourense) nos anos 1924-1927 e teoloxía en San Francisco (Santiago de Compostela) de 1927 a 1931, sendo ordenado sacerdote o 14 de xuño dese último ano. En Roma, durante os cursos 1934-1937 estudou biblioteconomía, arquivística e paleografía na Escola Vaticana e no Arquivo do Estado, e historia eclesiástica na Universidade Gregoriana, obtendo nesta última o doutoramento coa máxima cualificación en 1939 .

Durante os seus case seis anos de residencia romana (1934-1939) actuou como secretario pro lingua hispana do Procurador Xeral da Orde Franciscana. Destinado a Madrid como director da revista *Archivo Ibero-americano*, foi tamén presidente da Casa Colegio Cardinal Cisneros, responsabilidades ambas desempeñadas durante sete anos. Unha beca para investigar os arquivos da América Hispana permitiulle levar a cabo un intenso periplo de dous anos (1947-1948) a través de ambas Américas. Esta dilatada viaxe de investigación impulsou a orientación definitiva da súa vocación historiográfica cara ao campo americanista. Roma, Madrid e, sobre todo, Sevilla —en cuxo Archivo General de Indias investigará— serán as seguintes etapas do seu percorrido. O cambio de rumbo das súas pescudas coincidiu coa inauguración da *Academy of American Franciscan History* de Washington, institución creada polos frades norteamericanos para promover os traballos de investigación histórica no Novo Mundo e á que o padre Lino se incorpora en 1951, converténdose no seu traballador máis eficaz e a máis sólida base do seu prestixio.

Ao longo de catro décadas, e a partir do rastrexo minucioso de arquivos e bibliotecas, o padre Lino foi estudando con paciencia, rigor e amor a historia eclesiástica e misional, e en particular a franciscana, de México, Venezuela, O Caribe, as terras andinas, e as do Prata. A súa inmensa produción escrita acréditao como un dos mellores coñecedores da colonización e evanxelización na América hispana durante os séculos XVI-XVIII e como tal foi recoñecido polos seus colegas do gremio<sup>1</sup>.

---

1 Da súa extensísima obra podemos destacar os seguintes libros: *Don Juan de Carvajal, un español al servicio de la Santa Sede: cardenal de Sant'Angelo legado en Alemania y Hungría, 1399?-1469*, a súa tese de doutoramento (Madrid, CSIC, 1947); *Archivos franciscanos de México* (UNAM, México, 1982); *De México a la Alta California: una gran epopeya misional* (Jus, México, 1969); *Evangeliación y conquista: experiencia franciscana en Hispanoamérica* (Porrúa, México, 1977); *La educación de los marginados durante la época colonial: escuelas y colegios para indios y mestizos en la Nueva España* (Porrúa, México, 1982); *Pioneros de la Cruz en México: fray Toribio de Motolinía y sus compañeros* (BAC, Madrid, 1988); *Sierra Gorda, un típico enclave misional en el centro de México. Siglos XVII-XVIII* (Querétaro, 1988); *Evangeliación, cultura y promoción social: ensayos y estudios críticos sobre la contribución franciscana a los orígenes cristianos de México, siglos XVI-XVIII* (Porrúa, México, 1993); *Los gallegos en América. Época colonial*, (Consellería de Cultura, Santiago de Compostela, 1983).

Durante eses case corenta anos viviu a cabalo entre Estados Unidos e México, con frecuentes viaxes a outros países de América e Europa esixidos polas súas investigacións e a participación en congresos e outros eventos culturais. Algúns amigos cualificárono con agarimo de «trotamundos e trotaceos» e el mesmo chegou a confesar algunha vez que non lle era alleo o desacougo do Xudeu Errante.

Obviamente, este rudo esbozo biográfico non da conta da rica humanidade de Lino Gómez Canedo. E, tratándose dun investigador, pregunto, explicaríana de modo cabal os seus libros? Se dalgúns poetas se di que a súa máis xenuína biografía atópase no conxunto dos seus poemarios, cabería afirmar algo análogo de quen se entregou con paixón e rigor ás súas pescudas? A súa vida esgotaríase nas súas publicacións? Cremos que non.

## 2.- Cinco achegamentos a esta singular figura

Por fortuna contamos con dúas privilexiadas vías de acceso a esta rica personalidade: dun lado a oceánica correspondencia que mantivo ao longo da súa vida, e por outra banda os diarios que levou de forma regular. Pois ben, cinco libros recentes –dos que imos dar exígua noticia– aproxímannos a esta figura a través das dúas vías sinaladas. Trátase de cinco obras ao coidado do padre Fr. José Luís Soto Pérez, O.F.M., cuxa competencia no ámbito historiográfico así como a súa estreita relación persoal e intelectual co padre Lino, capacítano de modo particular para este labor.

Así, *Correspondencia (1930-1990) I Guía e inventario*<sup>2</sup> –primeiro volume dunha obra que constará de dous<sup>3</sup>– ofrécenos un instrumento imprescindible para o coñecemento e o estudo de tan singular persoa. Este extenso tomo (497 páxinas) recolle en máis de

---

2 Lino GÓMEZ CANEDO, *Correspondencia (1930-1990) con inclusión de algunas otras cartas, papeles y escritos pertinentes. I Acopio documental, guía e inventario* por José Luis Soto Pérez, Santiago de Compostela, 2016.

3 O segundo tomo ofrecerá diversos índices (de persoas, lugares, materias, etc.) que permitirán o axeitado manexo desta guía.

3.000 entradas –ordenadas cronoloxicamente por anos e precedida cada unha por un extracto do seu contido– a referencia das cartas recibidas polo padre Lino e, en moita menor medida, das enviadas por el, ao longo dos anos 1930-1990. As misivas resultan reveladoras non só pola diversidade dos seus correspondentes (compañeiros de Orde, historiadores, amigos e amigas, relixiosos e laicos) senón tamén pola variedade dos temas tratados (asuntos administrativos ou de goberno, informacións e peticións relacionadas coa investigación, intercambios amigables, etc.). Móstrannos tanto ao frade plenamente comprometido coa súa familia relixiosa, como ao investigador de primeira liña entregado sen reservas ao seu quefacer historiográfico. E ademais, déixannos entrever que o segundo non era senón o seu persoal modo de vivir o carisma franciscano no ámbito da cultura.

De diferente orientación son dúas obras que reconstrúen a intensa relación (aínda que de alcance dispar) do padre Lino con senllos países iberoamericanos. *Rinconcito en Coyoacán I*<sup>4</sup> examina a decisiva vinculación de Gómez Canedo con México, ao longo de máis de corenta anos. Na súa parte esencial («Estancias e correspondencia») móstranos –a través das entradas do seu diario e das cartas recibidas ou emitidas durante as súas ausencias– os diversos aspectos desta relación. Podemos seguir así o seu descubrimento inicial do país (paisaxe, xentes, arquitectura) ao paso do seu percorrido polos lugares máis relevantes da xeografía mexicana; a súa reacción e valoración ante os avatares da política do país; a marcha dos seus traballos e proxectos; a atmosfera intelectual e os varios eventos culturais en que participa (conferencias, reunións, congresos); os múltiples encontros profesionais e amigables; a relación cos seus irmáns da Orde; a súa participación na vida da comunidade relixiosa feminina que o acolle; os problemas de saúde, etc. O seu amor a México («país al que tanto amo», escribiu, no que faleceu

---

4 Lino GÓMEZ CANEDO, *Rinconcito en Coyoacán I. Estancias en México y relaciones con las Misioneras Sociales Franciscanas de Guadalupe (1947-1990)*, recopilación de textos, edición y notas de José Luis Soto Pérez, Santiago de Compostela, 2017. Dada a extensión desta obra, resérvanse para un segundo volumen os índices bibliográfico, onomástico, toponímico y analítico, máis dúas correspondencias complementarias.

e onde repousan os seus restos) foi ben correspondido. Así, alguén o identificou como pertencente a «a mesma estirpe daqueles franciscanos que nos chegaron a México durante os primeiros anos da Colonia, como o noso Bernardino de Sahagún: humilde, piadoso, sabio e agradable».

Pola súa banda, *Quito no corazón* atende á relación de Gómez Canedo con Ecuador<sup>5</sup>. Sorprende o peso e o pouso afectivo que –pese a súa brevidade: non máis de tres meses en total– deixaron no padre Lino as súas estancias en Ecuador: máis aló da presenza física, estas relacións afectivas e culturais mantivéronse ao longo de corenta anos. «É posible –escribiu– que ninguén me queira tanto no mundo como estes entrañables amigos de Quito».

Obra de diferente factura e estilo é *Junípero Serra en la vida y la obra de Lino Gómez Canedo*<sup>6</sup>. Tamén nela serán as cartas e os diarios do ilustre historiador –máis algúns outros textos– o que permite reconstruír o itinerario xuniperiano do padre Lino e a súa paixón por tan excepcional figura.

En fin, *Mestre gratuito*<sup>7</sup> recolle as cincuenta e tres cartas que frei Lino dirixiu a José Luis Soto Pérez, «o seu irmán de hábito e colega», quen agora as edita con primor. A última carta, a número 54, é a dirixida á súa sobriña, xusto un mes antes da súa morte. A lectura desta correspondencia permítenos facernos cargo de boa parte das dúas últimas décadas do ilustre franciscano, marcadas polo seu infatigable traballo malia os crecentes problemas de saúde. Grazas

---

5 Lino GÓMEZ CANEDO, *Quito en el corazón. Contactos físicos, culturales y afectivos con Ecuador*, Recopilación de textos, edición y notas de José Luis Soto Pérez, Santiago de Compostela, 2015. O libro recolle e contextualiza as entradas do *Diario* correspondentes aos catro breves períodos en que o pai Lino permanece no citado país. Asimesmo, catro coleccións de cartas das súas relacións e amizades ecuatorianas, máis unha quinta relativa ao norteamericano Prof. Philip L. Astuto, estudioso do héroe cultural ecuatoriano Santa Cruz y Espejo (1747-1795).

6 José Luis SOTO PÉREZ, *Junípero Serra en la vida y obra de Lino Gómez Canedo. Hechos, textos y comentarios*, Santiago de Compostela, 2015.

7 Lino GÓMEZ CANEDO, *Maestro gratuito. Correspondencia mantenida con su hermano de hábito y colega José Luis soto Pérez, quien la edita e ilustra con introducción y notas (1970-1990)*, Edición privada y no venal, Santiago de Querétaro, 2012.

a estas páxinas, percibimos tamén, unha relación mestre-discípulo que progresivamente desborda o plano académico e investigador. É a «Semblanza biográfica» con que se pecha o libro recolle un suxerente perfil de Lino Gómez Canedo trazado por quen tan ben lle coñeceu.

### 3.- Confesión, balance e perspectivas

Non sendo eu franciscano nin pertencendo ao gremio dos historiadores, non é raro que hai só uns meses o ignorase todo da persoa sobre a que versa esta achega. Un azar feliz levoume a mergullarme durante un tempo nestes cinco libros, tan rigorosamente anotados e de tan bela presentación. E fíxeno con curiosidade, interese e pracer, pois cada un destes volumes déixanos ver a figura do padre Lino desde un peculiar ángulo e achega uns sólidos materiais para a reconstrución da súa biografía intelectual e humana.

A reprodución de amplas seccións da correspondencia e do diario nas cinco obras comentadas aviva no lector o desexo de coñecerlas en maior medida: un segue preguntándose polo home que aparece nelas. Cal era a enteireza de quen a menos dun mes da súa morte, acaecida o 24 de decembro de 1990, e xa coa saúde moi quebrantada, foi á *Universidad Nacional Autónoma de México* para entregar persoalmente o orixinal da súa obra sobre *Los Archivos históricos de México*? Como era o talante do relixioso que en outubro rematara a lectura das *Memorias* de Renán, gratamente sorprendido polo seu ton respectuoso? Cal, a contextura intelectual de quen pechara, desilusionado polo seu diletantismo, as *Reflexiones sobre la Historia Universal* de Burckhardt? E que dicir da sensibilidade teolóxica de quen no ano anterior saíra un tanto insatisfeito da lectura de *La otra dimensión*, de Ruiz de la Peña?

Por iso, é unha boa noticia o anuncio da edición íntegra do *Diario*, que abarca desde o 1 de xaneiro de 1931 ao 27 de novembro de 1990. Sen dúbida, a súa lectura converteranos en testemuñas de seis décadas da fecunda vida dun home honesto, que –coas súas forzas e limitacións– logrou levar a cabo a súa tarefa vo-

cacional nuns tempos interesantes e recios: dela emerxerá unha imaxe atractiva pero complexa, dotada de exemplaridade pero sen os riscos da haxiografía.

Celebramos, pois, este esforzo en «difundir e perpetuar o coñecemento da vida e dos afáns historiográficos» de Lino Gómez Canedo. Oxalá José Luis Soto conte co apoio persoal e institucional que lle permita levar a bo termo este propósito de tan longo alento.

**Ramón Cao Martínez**